



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-5

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

19 de Marzo de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:30

Hora de Finalización

09:56

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 28.02.2024 (ACTA 2024/4)

A acta apróbbase por unanimidade.

3º. ORDE DO 7 DE FEBREIRO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2024. ACORDOS DE SOLICITUDE E ASOCIACION COS CONCELLOS DE RIÓS E VILARDEVOS PARA A SUA TRAMITACION.

O alcalde dá conta da Orde do **7 de febreiro de 2024**, da **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano **2024**; publicada no DOG núm. 38, do **22 de febreiro do 2024**.

Dá conta tamén do proxecto do obradoiro de emprego "**Rodeira da Cota**". A etapa de formación en alternancia coa práctica profesional terá unha duración de **nove meses**.

Continúa explicando o alcalde que a orde establece como requisito para poder acceder ás axudas que os concellos solicitantes teñan unha media de paro rexistrado no ano 2024 superior a 500 persoas ou ben que o proxecto englobe polo menos tres concellos limítrofes da mesma provincia. É por isto que o alcalde propón solicitar a subvención conxuntamente cos concellos de **Ríos e Vilardevós**.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA**:

Primeiro. En virtude da Orde de referencia, o Concello de **Castrelo do Val** agruparase cos concellos de **Riós e Vilardevós** para solicitar conxuntamente esta axuda, aprobando para dito efecto o correspondente convenio e xestionar a actuación de xeito compartido entre os **tres concellos**. A entidade promotora será o **Concello de Castrelo do Val**.

Segundo. Facultar de xeito expreso ao alcalde, **Vicente Gómez Garcia**, para a sinatura do convenio que regulará a agrupación.

Terceiro. Aprobar a memoria do obradoiro de emprego "**Rodeira da Cota**", cunha duración de **nove meses** e coas seguintes especialidades formativas:

Xardinería AGAO0108 Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centro de xardineiría.

EOCB0209 Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización.

Cuarto. Aprobar o orzamento do obradoiro de emprego e que ascende a **445.154,61 €**

Quinto. Comprometerse a realizar a achega da agrupación municipal polo importe de **33.226,61 €** con cargo ás correspondentes partidas orzamentarias dos exercicios **2024-2025**, correspondéndolle a cada concello os seguintes importes:

Concello de Castrelo do Val: 15.045,00 €

Concello de Riós: 7.731,61 €

Concello de Vilardevós: 10.450,00 €

O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución do obradoiro. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

Sexto. Solicitar á **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** unha subvención para a dita actuación ao abeiro da Orde do **7 de febreiro de 2024**, por un importe de **411.928,00 €**

Sétimo. Aprobar o proxecto técnico das obras do obradoiro de emprego.

Oitavo. Manifestar que están dispoñibles os terreos necesarios para a execución das obras e os servizos que se van realizar.

Noveno. Comprometerse solidariamente á execución do obradoiro e á aplicación solidaria da subvención.

3º. CONVENIO DE COLABORACION MARCO PARA A XESTION COMPARTIDA DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RODEIRA DA COTA" ENTRE OS CONCELLOS DE





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

CASTRELO DO VAL, RIÓS E VILARDEVÓS.

Consecuentemente co acordo adoptado no anterior punto da orde do día da sesión; a Xuntade Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Adherirse ao convenio de colaboración marco para a xestión compartida do obradoiro de emprego "**Rodeira da Cota**" entre os Concellos de **Castrelo do Val, Riós e Vilardevós** ao que se da lectura por parte do Sr. Alcalde, e que dí así:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RODEIRA DA COTA", ENTRE OS CONCELLOS DE CASTRELO DO VAL, RIÓS E VILARDEVÓS.

Reunidos os alcaldes dos seguintes concellos: Vicente Gómez García, alcalde do Concello de Castrelo do Val, Eva María Barrio López, alcaldesa do Concello de Riós e Eva María Pérez Gamote, alcaldesa do Concello de Vilardevós.

Todos en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración e para o efecto, EXPOÑEN:

Primeiro. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) no seu artigo 25, establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (en adiante, LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Segundo. O artigo 11 da Lei Ley 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda a outros concellos, cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro. O artigo 11.3.b) da Lei 40/2015 regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto. A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica, que afecta tamén aos concellos, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Quinto. Por outra banda, é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Sexto. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta neste convenio de prestación de servizos de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Sétimo. Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Oitavo. Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA da seguinte ACTUACIÓN "Obradoiro dúal de emprego Rodeira da Cota", mediante este convenio segundo as seguintes: CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto.

O obxecto deste convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do dúal de emprego Rodeira da Cota, que se prestará de forma compartida entre os concellos de Castrelo do Val, Riós e Vilardevós.

Segunda. Ámbito territorial.

O ámbito territorial da xestión compartida do obradoiro será o correspondente aos termos municipais de Castrelo do Val, Riós e Vilardevós.

Terceira. Obxectivos da colaboración.

Este convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e a eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo de obradoiro de emprego.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñibles.

Cuarta. Xestión compartida do servizo.

A xestión da actuación será realizada polo Concello de Castrelo do Val, que será para





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

todos os efectos a entidade promotora. Encargarase de solicitar, xestionar, tramitar e cumprir con todas as obrigas como beneficiario e actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico den soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación polo Concello de Castrelo do Val, na forma que se sinale, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo coas disposicións da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia, de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena disponibilidad de todas as achegas e determinarse a orde de seu pagamento.

Quinta. A Comisión Mixta. Coordinación.

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos alcaldes, integrada por un representante de cada concello (os alcaldes), á que poderán asistir técnicos, actuando como secretario, o secretario do Concello de Castrelo do Val.

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva o día seguinte á sinatura do convenio e rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

Ás súas principais funcións serán:

O seguimento da xestión da actuación.

A elaboración das súas normas internas de xestión.

A interpretación do convenio.

A proposta, no seu caso, de addendas.

Intervención previa á resolución por incumprimento.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
Calquera outras relacionadas coa xestión da obra.

Sexta. Subvencións e axudas.

Para esta actuación solicitarase unha subvención á **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, ao abeiro da Orde do 7 de febreiro do 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOG do 22 de febreiro de 2024.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para o obradoiro será proposta e solicitada polo Concello de Castrelo do Val.

Sétima. Financiamento.

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución do obradoiro. Para este efecto, habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polos secretarios-interventores ou funcionarios habilitados dos respectivos concellos.

Oitava. Causas de resolución.

Este convenio resolverase:

Por denuncia unilateral, con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.

Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.

Polo vencemento do prazo de vixencia.

No caso de resolución do convenio, cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao seu desenvolvemento.

Novena. Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata a execución e xustificación do obradoiro.

Décima. Natureza do Convenio.

Este convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Décimo primeira. Normativa aplicable.

En todo o non previsto expresamente por este convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Décimo segunda. Xurisdición competente.

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento deste convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta. No caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, en Castrelo do Val, o 18 de Marzo de 2024.

O alcalde do Concello de Castrelo do Val, Vicente Gómez García; a alcaldesa do Concello de Riós, Eva María Barrio López; e a alcaldesa do Concello de Vilardevós, Eva María Pérez Gamote; ante mín, o Secretario do Concello de Castrelo do Val, que dou fe, Santiago de Lorenzo Taboada."

SEGUNDO. Manifestar a vontade do concello de adherirse expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con observancia de todas as cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos.

4º. PRESENTACION DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTE AO ANO 2024. SOLCITUDE DE FINANCIAMENTO A CONSELLERIA COMPETENTE

A continuación o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes do **Decreto 99/2012**, do 16 de marzo, (modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu funcionamento, no que se determina o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente, neste caso, ao exercicio **2023**, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente, neste caso, ao exercicioano **2024**.

Seguidamente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presente,
ACORDA:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Política Social e Xuventude ó abeiro do Decreto 148/2014, as seguintes axudas, para o exercicio 2024:

CONCEPTO	IMPORTE
Axuda no fogar - Prestación básica (Deputación Ourense)	8.063,46
Axuda no fogar - Dependencia (Xunta)	264.240,00
Programa de Emerxencia Social	2.800,00
TOTAL	275.103,46

SEGUNDO. Comprometerse a consignar no presuposto municipal para o exercicio de 2024 as seguintes cantidades en concepto de aportacións do Concello ó funcionamento dos servizos sociais comunitarios a financiar a través do Plan concertado para o ano 2024, segundo o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Axuda no fogar - Prestación básica (Copago + Concello)	3.003,54
Axuda no fogar - Dependencia (Copago + Concello)	110.100,00
Programa de Emerxencia Social (Concello)	1.200,00
TOTAL	114.303,54

TERCEIRO. Comprometerse e declarar ante a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, que os servizos de axuda a domicilio prestaranse durante o ano 2024 consonte coas disposicións da normativa reguladora e a documentación presentada, e a lo menos, nas mesmas condicións que no exercicio 2023. Consecuentemente a previsión orzamentaria é a seguinte:

PRESTACIÓN BÁSICA	
Aportación Concello	1.605,13
Aportación Deputación	8.063,46
Copago estimado usuarios	1.398,41
TOTAL	11.067,00

DEPENDENCIA	
Aportación Concello	64.073,80
Aportación Deputación	0,00
Copago estimado usuarios	46.026,20
Aportación Xunta de Galicia	264.240,00
TOTAL	374.340,00





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PROGRAMA DE EMERXENCIA SOCIAL	
Aportación Concello	1.200,00
Aportación Xunta de Galicia	2.800,00
TOTAL	4.000,00

CUARTO. Facultar, de xeito expreso, ao Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que poida ser concedida.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo á devandita Consellería.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

